

PROXECTO:

Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario.

INFORME DE AVALIACIÓN FINAL EXTERNA:

Estudo de caso do traballo co ESR-EPD en educación secundaria.



Cestola na Cachola, S. Coop. Galega - Raquel Doallo Álvarez
Decembro 2019



ÍNDICE

1. Resumo executivo.	3
2. Breve descrición da intervención avaliada.	6
3. Estrutura e guion de traballo do estudo de caso.	11
3.1. Tipoloxía.	11
3.2. Metodoloxía.	12
3.2.1. Axentes clave.	13
4. Estudo de caso: síntese da información recollida.	16
4.1. Análise de accións.	16
4.1.1. Accións de coordinación e seguimento.	16
4.1.2. Accións ligadas ao traballo en xénero e igualdade.	17
4.1.3. Accións en prol da resolución de conflitos e a cultura de paz.	18
4.1.4. Accións de sensibilización ao redor das causas da pobreza e desigualdade.	19
4.1.5. Accións ligadas á comunicación para o cambio social.	20
4.2. Análise de metodoloxías.	21
4.2.1. Obradoiros participativos.	21
4.2.2. Charlas e proxeccións curtas con debate.	21
4.2.3. Acompañamento a grupos estables de traballo.	22
4.2.4. Exposicións e acompañamento para o uso de materiais didácticos.	24
4.2.5. Firma do Manifesto ESR-EPD.	25
4.3. Análise de alcance de resultados.	26
4.4. Análise de alcance de obxectivos.	28
5. Leccións aprendidas e recomendacións.	30
ANEXOS.	33



*A forma máis común de renunciar ao poder é pensando que non o temos.
Alice Walker.*



1. Resumo executivo.

No presente informe descríbese o traballo de avaliación externa realizado baixo solicitude das ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) para o proxecto *“Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego”*, executado en consorcio por ambas entidades e cofinanciado pola Xunta de Galicia a través da convocatoria do ano 2018 de subvencións a proxectos de educación para o desenvolvemento e cidadanía global desenvolvidos por ONGD.

O mencionado traballo de avaliación externa foi realizado ao longo do último trimestre de 2019. Para a avaliación que se recolle no presente informe, deuse a circunstancia de que a cooperativa Cestola na Cachola, entidade responsable de desenvolver dito traballo, estaba a realizar no mesmo periodo outra asistencia técnica para a DXRREEUE (Cooperación Galega – Xunta de Galicia) centrada na avaliación *ex post* dunha selección de proxectos de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global (en adiante, EDCG) que veñen recibindo cofinanciamento da Xunta de Galicia de maneira continuada nos últimos anos; o proxecto *“Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego”* (en adiante, *Escolas sen Racismo- Escolas para a Paz e o Desenvolvemento* ou *ESR-EPD*) foi unha das intervencións seleccionadas pola Xunta de Galicia para a mencionada avaliación *ex post*, polo que ante a coincidencia en tempo de ambas asistencias externas para un mesmo proxecto, considerouse interesante deseñar dúas propostas que recollesen información desde enfoques alternativos, co obxectivo de non solapar conclusións e recomendacións na medida do posible. Por isto, posto que a asistencia técnica para a avaliación *ex post* solicitada pola Xunta de Galicia pretende achegar unha visión de proceso e histórica do desenvolvemento de ESR-EPD, acordouse entre Cestola na Cachola, ACPP e AGARESO que a presente avaliación se centre nun compoñente máis concreto do proxecto en vez de abarcar toda a intervención.



Foi a mencionada circunstancia non prevista inicialmente, de coincidencia de ambos traballos de recompilación e análise de información para unha mesma intervención, que deu en construír a presente avaliación de xeito menos convencional, tal como segue:

1. Escolléronse unha serie de ítems cara ao formato de “estudo de caso” para recompilar e analizar información centrando a avaliación no coñecemento máis a fondo do traballo realizado prioritariamente cun só centro educativo en vez de con unha mostra de varios centros, como en anteriores avaliacións realizadas.
2. Escolleuse o foco do IES Laxeiro de Lalín como obxecto central da avaliación.
3. Seleccionouse a etapa de educación secundaria para o seu estudo, por ser un nivel onde se acumulou unha boa mostra das actividades do catálogo de ESR-EDP no curso 2018-2019.
4. Puntualmente, entrevistouse alumnado de ciclos formativos do IES Laxeiro, participantes nalgunhas das accións do ESR-EDP en dito centro.
5. Complementouse a análise da realidade do ESR-EPD co alumnado de educación secundaria no IES Laxeiro con unha visita ao IES Xulián Magariños de Negreira, por non contar o IES Laxeiro no curso 2018-2019 con participación en actividades de comunicación para o cambio social desenvolvidas por AGARESO e sendo este un eixo o suficientemente importante do traballo no proxecto como para incluílo dalgún xeito na busca dunha visión global ao redor dos resultados do traballo do ESR-EPD no nivel de educación secundaria.
6. Malia que a avaliación final cuxos resultados se recollen neste informe é referida ao curso 2018-2019, visitouse ademais o IES Laxeiro para coñecer in situ como se desenvolverían algunhas actividades do ESR-EDP no curso 2019-2020, onde houbo presenza combinada de accións dos diferentes eixos de traballo do proxecto. Sendo actividades semellantes e incluso idénticas ano tras ano, considerouse útil asistir como observadora non participante e recoller matices cara ao presente informe.

En base aos obxectivos da avaliación e premisas previas, seguiu-se un guion de traballo por fases que incluíu *coordinación e planificación, análise documental, recollida de información vía entrevistas, análise da información recollida e elaboración do informe de avaliación final externa do proxecto*. As



conclusións derivadas da avaliación ofrecen reflexións máis aló do IES Laxeiro, como centro que destaca dentro do ESR-EPD pola implicación do seu profesorado, e axudan a construír recomendacións cara á mellora da coordinación interna entre axentes, o acompañamento ao profesorado e explorar como obter maior alcance coa proposta, sendo o IES Laxeiro e o IES Xulián Magariños centros con longa participación no proxecto.



2. Breve descripción da intervención avaliada.¹

O proxecto “*Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego*”, que denominaremos “*Escolas sen Racismo-Escolas para a Paz e o Desenvolvemento – ESR-EPD*”, leva executándose en consorcio por ACPP e AGARESO con cofinanciamento para a súa execución de forma ininterrompida desde o ano 2011 a través da convocatoria de proxectos de educación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.

A proposta baseouse nun cronograma que planificou a posta en marcha da intervención desde setembro de 2018 ata agosto de 2019, solicitándose e sendo aprobada unha prórroga que alongou finalmente dita execución ata o mes de novembro de 2019, inclusive. Segundo se recolle do documento de formulación do proxecto, o ESR-EPD supón unha *aposta integral pola formación en educación e comunicación para o desenvolvemento na comunidade galega, que abarca desde a educación infantil ata a universitaria e que se presenta como continuación e complemento do proxecto EpD-CpD, financiado pola DXREeUE nas súas convocatorias de educación para o desenvolvemento entre os anos 2011 e 2018 e sen a compoñente de comunicación para o desenvolvemento desde o ano 2007*. A incorporación de AGARESO desde 2011, por tanto, supuxo na intervención un punto de inflexión a partir de cando, xa en consorcio ACPP-AGARESO, se apostará por incorporar a comunicación dentro do traballo en rede cos centros educativos galegos que xa ACPP desenvolvía na intervención marco previa, que forma parte á súa vez da rede europea de Escolas sen Racismo. As accións programadas no ESR-EPD ubican as súas temáticas na sensibilización sobre a problemática dos países empobrecidos e da situación dos colectivos máis desfavorecidos deses países, especialmente das mulleres, achegando o seu traballo en 2018-2019 a un total de 8 centros educativos: IES G.Torrente Ballester (Pontevedra), IES Milladoiro (Ames), CEIP López Ferreiro (Santiago de Compostela), CPR Vilas Alborada (Santiago de Compostela), CEIP Apóstolo Santiago (Santiago de Compostela), CEIP A Lomba (Vilagarcía de Arousa), IES Laxeiro (Lalín) e IES Xulián Magariños (Negreira). Dos dous últimos, de maneira prioritaria co IES

1

Información recollida no documento de formulación do proxecto.



Laxeiro, extraerase a información para elaborar o informe cuxo estudo de caso orienta a presente avaliación. Ambos centros educativos contan con alumnado de educación secundaria participante nas accións previstas e o IES Laxeiro tamén introduce alumnado de ciclos formativos como público destinatario. Cabe lembrar que o proxecto tamén contempla accións e resultados cuxa poboación obxectivo se ubica nos niveis de primaria e universitario; porén, como xa se comentou, non é obxectivo desta avaliación traballar no alcance do proxecto ao redor deses colectivos, por iso a continuación se reflicte unha descrición da parte da matriz do marco lóxico do proxecto en que se centra o presente traballo para a análise e interpretación avaliativa da información recompilada, reformulando o obxectivo específico, resultados e actividades cara a unha redacción acotada ao ensino secundario, como demanda a presente avaliación. Será a presente matriz “EC” a que guíe a información demandada ao IES Laxeiro e, de forma complementaria, ao IES Xulián Magariños, así como ao resto de actores involucrados na execución do ESR-EPD ao redor de ambos centros no curso 2018-2019.

Táboa 1. Matriz de proxecto para o estudo de caso (EC). Fonte: elaboración propia.

Matriz de proxecto para o estudo de caso (EC)	
OBXECTIVO XERAL:	
Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia.	
OBXECTIVO ESPECÍFICO-<i>Estudo de caso (EC)</i>	INDICADORES OBXECTIVAMENTE VERIFICABLES
Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no <i>ensino de secundaria</i> .	<p>IOV1-EC. Ao finalizar o proxecto, <i>o alumnado</i> participa dun proceso de análise crítica sobre as realidades global e local, o fenómeno da interculturalidade, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade de xénero.</p> <p>IOV2-EC. Ao finalizar o proxecto, melloradas as ferramentas <i>do profesorado</i> para a incorporación da ED na súa práctica educativa.</p> <p>IOV4-EC. Ao finalizar o proxecto, <i>o alumnado</i> participante manifesta ter reflexionado sobre valores básicos no eido da cidadanía global.</p>



RESULTADO 1.1-EC	ACTIVIDADES R1.1-EC
Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes do <i>alumnado de secundaria</i> no eido da cidadanía global.	A1.1.1. Xuntanzas de presentación e seguimento. A1.1.2. Manifesto Escolas Sen Racismo. A1.1.4. Teatro Forum sobre xénero, interculturalidade e prevención de conflitos. A1.1.5. Mira ti. A1.1.6. Exposición Mulleres no Sur. A1.1.7. Ciclo de Obradoiros de Relacións Igualitarias. A1.1.8. Creación e formación dun Equipo de Igualdade no IES Xulián Magariños. A1.1.9. Reciclaxe Servizo de Mediación Escolar. A.1.1.10. Axenda escolar Feminista. A.1.1.11. Exposicións DPC: Varias temáticas.
RESULTADO 1.2-EC:	ACTIVIDADES R1.2-EC:
Melloradas e aplicadas as capacidades do <i>alumnado de secundaria</i> en materia de comunicación transformadora.	A1.2.2. Obradoiro de TV na Escola para profesorado e alumnado do Xulián Magariños. A1.2.6. Avaliación de todas as sesión formativas do alumnado dos obradoiros.
RESULTADO 1.4-EC:	ACTIVIDADES R1.4-EC:
Fomentado o coñecemento e análise sobre o proxecto de cara á súa visibilidade e aprendizaxe colectiva.	A1.4.1. Deseño e aplicación da estratexia de comunicación do proxecto. A1.4.2. Deseño e posta en marcha do Plan de seguimento e avaliación. A1.4.3. Deseño e elaboración dunha liña de base. A1.4.4. Xuntanzas de coordinación, intercambio e análise do equipo do proxecto.

A análise á que se dirixe a presente avaliación centrarase en 3 dos 4 resultados do proxecto, obviándose o resultado *R1.3. Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes do alumnado universitario en material de Cooperación e Comunicación para o cambio social* por estar puramente orientado á comunidade universitaria; e deixando fóra no resto de resultados aqueles logros esperados que foron formulados a partir do traballo con alumnado e/ou profesorado de infantil e primaria.



O resultado *R1.1-EC. Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes do alumnado de secundaria no eido da cidadanía global* foi analizado a través do traballo realizado no IES Laxeiro principalmente, excepto no caso da actividade *A1.1.8. Creación e formación dun Equipo de Igualdade no IES Xulián Magariños*, onde loxicamente a información obtida foi proporcionada desde o centro destinatario desta acción.

Pola súa parte, a análise do resultado *R1.2-EC. Melloradas e aplicadas as capacidades do alumnado de secundaria en materia de comunicación transformador* realizouse en boa parte a través de entrevistas e encontros no IES Xulián Magariños, malia que como xa se comentou, a avaliadora asistiu como observadora non participante a unha acción desenvolvida por AGARESO para un resultado análogo no curso 2019-2020 no IES Laxeiro (actividade de “video-cartas”); dita visita serviu para nutrir de información á avaliación ao redor da metodoloxía de traballo de AGARESO no IES Laxeiro e, en xeral, co alumnado de secundaria dos centros educativos do ESR-EDP.

Por último, para avaliar o alcance do resultado *R1.4. Fomentado o coñecemento e análise sobre o proxecto de cara á súa visibilidade e aprendizaxe colectiva*, ao ser este un resultado de corte máis interno e ligado á propia estrutura e dinámicas internas do consorcio executante, aproveitáronse visitas e encontros no IES Laxeiro e o IES Xulián Magariños, así como tamén entrevistas mantidas co persoal técnico de ACPP e AGARESO.

No seguinte esquema recóllese a síntese dos eixos temáticos e metodolóxicos fundamentais do proxecto ESR-EDP durante o curso 2019-2020 no seu traballo co profesorado e co alumnado de educación secundaria (e de ciclos formativos, puntualmente) no IES Laxeiro e o IES Xulián Magariños:

- Accións dirixidas a sensibilizar sobre diversas realidades a través da entrega e acompañamento para o uso de materiais: Mulleres no Sur, Axenda Feminista, Mira Ti, De Profesión Cidadán/s.
- Accións dirixidas a acompañar a equipos de alumnado (con apoio de profesorado) no seu nacemento ou consolidación: clubs de igualdade e de mediación escolar.
- Obradoiros participativos de Relación Igualitarias na aula.
- Obradoiros participativos de Teatro Foro e de fomento das habilidades sociais.



- Obradoiros participativos e/ou charlas dirixidas a sensibilizar sobre as causas da pobreza e a desigualdade: Desfiando a Roupas, Chocolatada Xusta.
- Obradoiros participativos de Comunicación para o desenvolvemento.



3. Estrutura e guion de traballo do estudo de caso.

3.1. Tipoloxía.

En primeiro lugar, podemos encadrar a presente avaliación por tipoloxías, en función da perspectiva de clasificación da mesma, que combina diversos obxectivos dando lugar a que poidamos falar dunha avaliación tal que ten os seguintes componentes:

- **FORMATIVO.** Atendendo ao papel da avaliación, trátase dunha avaliación de tipo formativo, porque busca obter e compartir información que ofrezca pistas para mellorar no futuro o proxecto en execución.
- **POR RESULTADOS.** Atendendo ao contido do proxecto a avaliar, trátase dunha avaliación por resultados; neste caso, selecciónanse algúns resultados – os que proceden conforme ao estudo de caso elaborado – e está presente de forma inevitable un compoñente de *proceso* ao buscar comprender de xeito integral o funcionamento do ESR-EPD principalmente no IES Laxeiro e de forma complementaria no IES Xulián Magariños, ambos con varios anos de experiencia como centros participantes na intervención.
- **FINAL.** Atendendo ao momento da avaliación, falamos dunha avaliación final, realizada xusto ao remate da execución do proxecto no curso 2018-2019. Neste senso, convén aclarar que malia que se inclúe unha visita a algunhas actividades desenvolvidas xa na fase seguinte, o enfoque de avaliación final é o eixo vertebrador deste estudo.
- **EXTERNA.** Atendendo ao axente avaliador, trátase dunha avaliación externa, realizada por Raquel Doallo Álvarez como técnica avaliadora en Cestola na Cachola, S. Coop. Galega.



3.2. Metodoloxía.

A avaliación fixou un obxectivo metodolóxico centrado no desenvolvemento dunha análise da información proporcionada desde o IES Laxeiro e o IES Xulián Magariños, así como o estudo e interpretación da documentación e valoracións recollidas de ACPP e AGARESO, centrándose en:

- a valoración crítica da inclusión de recomendacións e propostas de mellora de avaliacións previas;
- a recollida de reflexións, percepcións e boas prácticas dos centros educativos seleccionados.

Este enfoque mantívose co fin de desenvolver de xeito innovador o proceso de avaliación final do proxecto ESR-EPD, nutrindo de información relevante as conclusións e recomendacións finais deste informe.

A nivel metodolóxico desenvolvéronse unha serie de fases, que deron cobertura ás técnicas principais de recompilación de información utilizadas nesta avaliación: **revisión documental e entrevistas en profundidade**. Estas fases permitiron planificar e executar o traballo de avaliación de maneira organizada:

- **Fase 0. Coordinación e planificación, seguimento e comunicación co técnico de ACPP como ONGD líder do consorcio.** Mantívose unha boa comunicación con Ramiro Gómez Salgado. A boa disposición do técnico en sede facilitou o proceso de avaliación, contándose co apoio puntual do delegado de ACPP en Galicia e da coordinadora de AGARESO.
- **Fase 1. Análise documental.** Desenvolveuse unha fase de revisión documental intensiva de documentación do proxecto a avaliar e mais de unha serie de informes e fontes de verificación que axudaron a comprender de forma integral o proxecto na súa fase de execución máis recente. Os documentos fundamentais de estudo foron o documento de formulación, informes intermedio e final (técnicos e económicos), liña de base, anexos á formulación e fontes de verificación achegadas cos informes intermedio e final, así como se consultaron outros recursos de utilidade que foron proporcionados desde o IES Laxeiro e axudaron a enfocar a avaliación cara ao estudo de caso: revista do centro, datos estatísticos...



- **Fase 2. Traballo de recollida de información vía entrevistas.** Optouse por recoller información a través de entrevistas semiestructuradas en profundidade, tendo como referencia un guion base común para as entrevistas programadas. Algunhas das entrevistas foron individuais e outras grupais, sendo desenvolvidas de forma maioritariamente presencial, xunto con algunha outra en formato telefónico, vía *skype* e por *email*.
- **Fase 3. Análise de información e elaboración de informe-borrador.** Nesta fase procedeuse á análise da información recollida, que deu lugar á redacción das conclusións e recomendacións preliminares da presente avaliación, redactadas nun informe-borrador da avaliación final que foi enviado ao técnico coordinador do proxecto.
- **Fase 5. Socialización de resultados e envío de informe definitivo de avaliación final.** Tras a recollida e incorporación de suxestións por parte de ACPP e AGARESO, a fase final desta avaliación supón a entrega do informe definitivo de avaliación final externa.

3.2.1. Axentes clave.

Para a recompilación directa de información, as axentes principais con que se contou para esta avaliación final do proxecto foron:

- **Persoal técnico das ONGD do consorcio: ACPP e AGARESO.** ACPP, como ONGD lideresa do consorcio, coordina a formulación, execución e seguimento da meirande parte das actividades. O técnico coordinador é Ramiro Gómez Salgado, con quen se mantiveron 2 entrevistas, unha primeira de contextualización e unha segunda con enfoque de avaliación e recollida de aprendizaxes. Por parte de AGARESO, contouse coa posibilidade de realizar unha entrevista co técnico cun rol homólogo no proxecto desde esta ONGD, Antonio Grunfeld, ademais de acompañalo como observadora non participante durante a realización da primeira sesión da actividade “video-cartas” desenvolvida no IES Laxeiro no primeiro trimestre do curso 2019-2020. É preciso mencionar tamén a utilidade da entrevista en profundidade realizada de forma conxunta para a avaliación *ex post* coincidente en tempo a Alejandro Quiñoá como delegado de



ACPP en Galicia e a Lorena Seijo como coordinadora de AGARESO; cun enfoque máis de proceso, desta entrevista recolléronse algunhas reflexións útiles para a presente avaliación.

- **Persoal dos centros educativos.** No IES Laxeiro contouse coa posibilidade de manter entrevistas con Ana Gulías como orientadora, enlace do centro co ESR-EDP e encargada de coordinar con Ramiro Gómez de ACPP o desenvolvemento das actividades máis ligadas aos eidos de resolución de conflitos e comunicación para o cambio social; Gracia Sactorum como docente responsable de coordinar as actividades desenvolvidas na área de xénero e igualdade; e Suso Jabón como docente ligado a actividades relacionadas con desigualdade e causas da pobreza. No IES Xulián Magariños contouse coa posibilidade de manter entrevistas con Cristina Galdo como orientadora, enlace do centro co ESR-EDP e encargada de coordinar con Ramiro Gómez de ACPP o desenvolvemento de tódalas actividades; Jesús García, vicedirector e docente que acompañou na actividade de TV; e Xoán Gantes, docente de educación física que tamén acompañou na actividade de TV.
- **Asistencias técnicas.** Para a dinamización de liñas de acción específicas nos centros educativos, o proxecto ESR-EPD conta desde hai varios anos con unha serie de iniciativas externas que deseñan e dinamizan espazos puntuais do proxecto:
 - **Feitoría Verde.** Esta cooperativa encárgase de dinamizar a liña de Teatro Foro. Neste caso, parte do guion utilizado ten sido proporcionado por ACPP e posteriormente adaptado e/ou ampliado por Feitoría Verde. Mantívose unha entrevista telefónica con Paula Lubián para coñecer a experiencia e aprendizaxes co uso do Teatro Foro, especialmente no caso do IES Laxeiro.
 - **Monse Vilar.** Responsable de formación e dinamización no eido de xénero e igualdade. Mantívose unha entrevista telefónica centrada especialmente en coñecer a súa experiencia de traballo no IES Laxeiro e asistíuse como observadora non participante a un obradoiro formativo co club de igualdade do centro.
 - **Atalaia Social.** Esta iniciativa encárgase da formación en materia de mediación aos equipos no seu nacemento e consolidación. Mantívose unha entrevista vía *email* con Noelia, a



experta en mediación responsable do deseño e acompañamento nesta liña nos centros do ESR-EPD.

- **Cousas da Terra.** Esta cooperativa encárgase do deseño e dinamización dos obradoiros Desafiando a Roupas e Chokolatada Xusta. Neste caso, asistiuse como observadora non participante a ambas actividades durante o inicio do curso 2019-2020, mais non se entrevistou a representantes da iniciativa.
- **Alumnado.** Mantivéronse entrevistas con alumnado do IES Laxeiro e o IES Xulián Magariños. No caso do IES Laxeiro realizáronse unha primeira entrevista individual con unha alumna de bacharelato que o curso 2018-2019 xa participaba no club de igualdade, unha segunda entrevista con unha alumna de secundaria que forma parte do equipo de mediación do centro e do club de igualdade, e unha terceira entrevista, grupal, con alumnado de ciclos formativos que durante o curso pasado tomaron parte nas actividades desenvolvidas por Cousas da Terra arredor das causas da pobreza e a desigualdade. Pola súa parte, no IES Xulián Magariños realizouse unha entrevista grupal con alumnado participante na actividade “Obradoiro de TV” durante o curso 2018-2019.



4. Estudo de caso: síntese da información recollida.

Unha avaliación ten como obxectivos recoller e analizar sistematicamente unha información para poder comprender e dotar de significado o que ocorre no proxecto avaliado, do que se deducirán unha serie de xuízos específicos que permitirán ao axente que solicita a avaliación rendir contas e tomar decisións sobre a mellora da futura intervención avaliada. Como xa se indicou, o presente informe é o resultado de avaliar os resultados esperados do proxecto, mais introducindo un enfoque ligado ao estudo de caso da proposta desenvolvida no IES Laxeiro con alumnado de educación secundaria, puntualmente con alumnado de ciclos formativos, e introducindo información recollida de forma complementaria durante a visita e realización de entrevistas no IES Xulián Magariños.

A continuación, sintetízanse os resultados da análise da proposta avaliada con enfoque de estudo de caso, desde un traballo centrado na matriz de proxecto adaptada a dito enfoque.

4.1. Análise de accións.

Polos contidos e obxectivos das accións desenvolvidas, pódese realizar unha primeira análise agrupando e valorando nesta liña cada tipoloxía, para extraer conclusións ao redor do impacto percibido.

4.1.1. Accións de coordinación e seguimento.

Unha parte importante das accións programadas no proxecto céntranse no contacto e coordinación desenvolvida polo persoal técnico de ACPP cos centros educativos. A percepción por parte do profesorado e o persoal de orientación do IES Laxeiro (tamén no caso do IES Xulián Magariños) é moi positiva, recoñecéndose que os tempos liberados para tomar parte no seguimento e avaliación do proxecto son limitados e isto acota a capacidade de reflexión e retroalimentación presencial mantida entre o centro educativo e a ONGD. En xeral, valórase a posibilidade de fortalecer o enfoque de proxecto que se transmite coa iniciativa, xa que se percibe por parte de tódalas axentes que, se ben é certo que se comparten os liñamentos xerais da proposta e os seus obxectivos, estes non se trasladan logo ao alumnado de xeito que este perciba a intervención con visión de proxecto, senón que permanece unha visión de actividade, un tanto illada en relación a un marco común. Neste senso, o



papel de ACPP como ONGD coordinadora é fundamental, mais non só pola carga de seguimento personificada no persoal técnico e no rol de acompañamento directo cara ao centro educativo, senón tamén por existir no proxecto unha alta presenza de asistencias técnicas, que tamén demandan unha maior conexión previa e posterior ao traballo na aula. Neste senso, é fundamental reforzar os espazos de encontro, que axudarán a trasladar na aula tamén unha visión *de intervención* fronte a unha visión *de actividade*.

4.1.2. Accións ligadas ao traballo en xénero e igualdade.

A excepción ao punto anterior, como exemplo relevante no tocante ao traslado no IES Laxeiro da visión de proxecto, é o caso do traballo en xénero no IES Laxeiro. Neste centro educativo, a formadora Monse Vilar recoñece que se parte dun nivel superior en relación a outros institutos, con alumnado máis sensibilizado e formado no eido da igualdade, así como con unha docente aliada no centro educativo, Gracia Santorum, que facilita e incluso motiva ao traballo en novas liñas, facilitándose un maior afondamento e capacidade para a reflexión crítica entre o alumnado; neste senso, o proxecto ESR-EPD vén acompañar e reforzar unha compoñente interiorizada xa de forma transversal no centro educativo.

Malia o impacto transversal do traballo en igualdade no IES Laxeiro, tamén neste centro continúa sendo visible que non sempre se recoñecen as accións *de xénero* desenvolvidas no marco da intervención avaliada, xa que o centro educativo está tamén involucrado noutras iniciativas ligadas ao eido da igualdade, o cal difumina quizais a visibilización do proxecto ESR-EPD. Sería interesante, neste senso, unha reflexión ao redor do posible solapamento de accións debido a este feito, como se recolle da entrevista da orientadora do IES Laxeiro: Ana Gulías recoñece *“a dificultade que supón en ocasións coordinar a loxística e recoñecer os impactos de tantas iniciativas no centro, aínda que isto non é culpa do proxecto, é responsabilidade nosa e de como nos organizamos internamente”*. Pola súa banda, o alumnado percibe o cambio en termos de impacto que ten provocado este impulso ao traballo en xénero no seu centro educativo, así como a facilidade coa que poden participar en accións de interese; moitas son propostas ou construídas polas propias alumnas (e algúns alumnos) do club de igualdade do centro educativo. Demándase traballar máis con cursos inferiores e afondar no traballo con novas



masculinidades, algo compartido desde o departamento de orientación do centro, ao percibirse certo escepticismo por parte do alumnado masculino neste tipo de temáticas.

O uso de unidades didácticas con recursos concretos no eido da igualdade achega ao profesorado ferramentas prácticas para o traballo na aula, recoñecéndose que o uso realizado das mesmas adáptase en boa medida ao contexto de tempos e outras circunstancias controladas polo profesorado. No caso da Axenda Feminista, por exemplo, trátase dun recurso valioso para a súa construción pero o formato final, *online*, non permite que o alumnado dispoña deste material en forma de axenda pola falta de recursos para a súa impresión no marco do proxecto; neste senso, os contidos si están resultando aproveitables, mais sería interesante unha reflexión ao redor dalgúns dos formatos, como se comentará máis adiante.

4.1.3. Accións en prol da resolución de conflitos e a cultura de paz.

Esta liña de traballo vén centrada por unha banda no eido da mediación e por outra banda no eido do Teatro Foro, en ambos casos contándose con acompañamento externos de axentes con *expertise* específico nas áreas de referencia.

No tocante á mediación, tanto no IES Laxeiro como no IES Xulián Magariños veuse facendo un traballo de acompañamento ao centro. Identificouse alumnado e profesorado con interese neste eido e o proxecto ESR-EPD achegou formación específica, valorada positivamente por ambos equipos de mediación escolar. Percíbese que os momentos de formación constitúen espazos de reflexión colectiva e individual, malia que logo na vida diaria do centro educativo o alumnado “*pide máis casos de mediación*” e quizais o resultado da formación semella que o equipo manterá un ritmo de actividade que finalmente se ralentiza no seu accionar cotián. O equipo de mediación do IES Laxeiro está constituído por alumnado que en boa parte forma parte tamén do club de igualdade do centro, polo que se trata dun perfil xa sensibilizado e previsiblemente permanece no centro varios anos.

No tocante ao traballo a través de obradoiros como o Teatro Foro, é unha actividade moi ben valorada desde o departamento de orientación e tamén polo alumnado, pero desde Feitoría Verde recoñécese que a curta duración dos obradoiros (normalmente, unha sesión por grupo, e así se cumpre no IES Laxeiro) impide afondar no potencial real da ferramenta. Recoñecéndose a limitación de recursos que



implica acotar tamén a duración e número de accións desenvolvidas con cada grupo de alumnado, desde Feitoría Verde reflexiónase ao redor do freo en termos de impacto que supón realizar accións deste tipo de forma illada. Desde o departamento de orientación do IES Xulián Magariños, pola súa banda, recoñécese que *“ao alumnado gústalle este obradoiro, pero logo non se lembran de nada porque a verdade é que unha acción solta non impacta moito”*.

4.1.4. Accións ligadas á sensibilización ao redor das causas da pobreza e a desigualdade.

Desenvólvense accións no ERS-EPD centradas no achegamento ao estudiantado de conceptos ligados ás causas da pobreza, que en boa parte de reflicten en forma de material didáctico para o seu uso na aula, exposicións e unha serie de obradoiros que no IES Laxeiro se dirixen en boa medida a alumnado de ciclos formativos. Neste senso, asistíuse para esta avaliación á dinamización de dúas accións desenvolvidas pola cooperativa Cousas da Terra. Por un lado, o obradoiro Desafiando a Roupa, centrado en comprender as consecuencias do modelo convencional de produción e consumo de roupa e achegar reflexións sobre alternativas de moda ética. Por outra banda, o obradoiro Chocolateada Xusta, que desde a presentación de datos e lanzamento de preguntas sobre o modelo de produción e comercialización internacional do cacao, ofrece tamén ao final da actividade un espazo para coñecer (probar e saborear) o cacao de Comercio Xusto. Trátase en ambos casos de actividades que forman parte do proxecto ESR-EPD desde hai varios anos, incorporadas de forma estable na proposta. Porén, a visita a ambos obradoiros deixou unha percepción de que se trata máis ben de charlas, algo no que inflúe en certo sentido o espazo elixido (aulas convencionais con poucas posibilidades de modificar a distribución de mesas e sillas), o cal condiciona poder dar un formato máis participativo tanto a Desafiando a Roupa como a Chocolateada Xusta. Son actividades puntuais, de curta duración, que novamente deixan entrever a necesidade de reflexionar sobre a capacidade de impacto que xeran no alumnado estes formatos. Neste senso, na entrevista grupal realizada ao alumnado, este recoñeceu que non lembraba moito das actividades e que non vían moito sentido a que estivesen *“no medio do curso, sen relación con outros temas que tratamos”*. Quizais sería interesante revisar a presentación das actividades, enmarcándoas no proxecto, e valorar a posibilidade de realizar unha das dúas actividades, mais cun formato máis longo, en vez de abarcar dúas temáticas que logo non van ter



moita permanencia e vinculación na aula. Chocan con esta percepción as reflexións recollidas previamente do docente responsable, Suso Jabón, que indicaba que soe traballar ao redor deste tipo de temáticas na aula. Por tanto, faise aínda máis necesario xerar espazos de reflexión conxunta entre as ONGD, o profesorado e as propias iniciativas dinamizadoras das actividades, neste caso Cousas da Terra, para traballar nos momentos previos e posteriores ás actividades, na busca dun enfoque máis integrador das propostas. Neste senso, unha das recomendacións recollidas xira ao redor de propoñer avaliar con visión *ex post*, dentro da aula, o impacto e aprendizaxes adquiridas, así como lanzar propostas e suxestións cara ao futuro, sempre dentro da propia aula.

4.1.5. Accións ligadas á comunicación para o cambio social.

Estas accións recóllense como unha boa práctica que aproveita os puntos fortes por unha banda dun maior coñecemento previo do proxecto, xa que son desenvolvidas directamente por AGARESO como membro do consorcio promotor do ESR-EPD, xunto con metodoloxías que son altamente atractivas para o alumnado, como se comentará máis adiante no apartado correspondente. Os contidos inseridos achéganse doadamente ao público adolescente, que se implica na aprendizaxe dunha ferramenta mentres asocia temáticas de traballo ligadas a valores e pensamento crítico. Neste senso, percíbese que certamente o máis valorado neste tipo de accións son as ferramentas, non os contidos, o cal é preciso reforzar non só cara ao traballo co alumnado, senón especialmente coas e cos docentes interesadas na aprendizaxe, como potenciais axentes multiplicadores. Trátase de profesorado sensibilizado, mais o tratamento de contidos novos e actualizados, especialmente no tocante a xénero, é un aspecto sempre necesario que debe vixiarse para que o equilibrio entre metodoloxías e discurso continúe na liña do proxecto, centrado en Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global. Por iso, ligándose á reflexión previamente exposta desde Feitoría Verde, recóllese unha boa práctica que (antes do curso 2018-2019) utilizou resultados dun obradoiro de Teatro Foro para o seu uso como ítems dun posterior obradoiro desenvolvido por AGARESO na aula. Isto permitiu aproveitar e dar continuidade con enfoque de proxecto aos traballos desenvolvidos no ESR-EPD cun mesmo grupo de traballo e recoñécese desde Feitoría Verde un maior potencial e aproveitamento futuro da ferramenta do teatro seguindo este tipo de suxestións.



4.2. Análise de metodoloxías.

No tocante á avaliación das metodoloxías que conviven no proxecto ESR-EPD, as reflexións e suxestións recollidas polos distintos axentes involucrados no proxecto ofrecen pistas cara ao futuro en canto ás ferramentas e técnicas de traballo que afondan nun maior impacto das accións desenvolvidas.

4.2.1. Obradoiros participativos.

As técnicas participativas resultan mellor valoradas, non só polo alumnado senón tamén por docentes e orientadoras, que recollen mellores percepcións ao redor da motivación e os produtos obtidos a través de ditas accións en forma de novas propostas para a aula, ideas e actitudes do alumnado. Neste senso, nos exercicios de debate en pequenos grupos sobre machismo ou a creación de vídeo-cartas, por exemplo, lógrase a atención do alumnado e a visibilización dos seus posicionamentos e opinións, que ao seu tempo son xeradoras de novas preguntas e reflexións máis aló dos momentos de realización dos obradoiros.

4.2.2. Charlas e proxeccións curtas con debate.

Introdúcese na análise esta metodoloxía porque, malia non aparecer formulada como tal no proxecto ESR-EDP, si se executan na práctica actividades que manteñen este formato de maneira fundamental. É o caso dos obradoiros Desafiando a Roupa e Chocolatada Xusta, cando menos no caso das visitas realizadas ao IES Laxeiro ao inicio do curso 2019-2020: xa se comentou que os espazos onde se celebraron non foron os máis acaídos e probablemente isto influíu nas posibilidades dunha dinamización máis participativa, pero semella que o alumnado de cursos anteriores participantes neste tipo de actividades tamén percibe este formato de “sesión maxistral” e os resultados ofrecen unha percepción máis baixa de impacto. É interesante reflexionar nesta liña para motivar ao alumnado cara á súa participación nos espazos de debate, rompendo cos formatos convencionais de presentación teórica e preguntas abertas, onde o habitual é que o alumnado non se atreva a lanzar moitas preguntas. Se ben é certo que na actividade Chocolatada Xusta hai un momento reservado á cata de cacao onde se convida a falar e comentar percepcións, na práctica este tempo é de tan curta duración que se dificulta construír un espazo informal favorecedor da conversa e o intercambio.



4.2.3. Acompañamento a grupos estables de traballo.

A sustentabilidade dos procesos iniciados cara á consolidación de equipos que dinamicen traballo no centro educativo depende en boa parte do enfoque inicial e do plan de acción marcado polas iniciativas promotoras, tanto se se trata de grupos conformados só por alumnado como se son mixtos e inclúen participación de persoal orientador e/ou docente. Neste senso, o ESR-EPD inclúe actividades de acompañamento para a formación e/ou consolidación de equipos de mediación e de igualdade, ambos presentes tanto no IES Laxeiro como no IES Xulián Magariños, así como tamén se lanzou no IES Xulián Magariños no curso 2018-2019 unha proposta de traballo para a creación dunha TV escolar. Nos dous primeiros casos, por etapas, inclúese unha formación que mestura o teórico e o vivencial. A participación nos equipos de mediación e igualdade é altamente feminizada; no IES Laxeiro evidénciase que moitas das alumnas do centro que participan son membros de ambos grupos de traballo.

O “club de igualdade” do IES Laxeiro ten unha intensa actividade, maior cá do equipo de mediación: é constante e evidencia unha maior conexión co resto de áreas do centro educativo, incluíndo a biblioteca². Particularmente no caso do IES Laxeiro, o traballo no eido da igualdade trascende á intervención avaliada e é por isto que é complicado discernir cal é o efecto directo das accións promovidas polo ESR-EPD, pero non cabe duda da pertinencia do reforzo que o proxecto aporta a este equipo así como do nivel crecente de autonomía que esta dinamización permite e fomenta nas alumnas participantes. Así se recolle nas entrevistas realizadas, onde as protagonistas propoñen, reflexionan e recollen as aprendizaxes que o feminismo lles vén aportando no seu desenvolvemento persoal, individual e colectivamente, desde o presente cara ao futuro. Este é un dos grandes logros do proxecto: acompañar a equipos no seu fortalecemento, adaptándose ás demandas e realidades dos centros educativos, moi visiblemente no caso do IES Laxeiro no eido da igualdade.

Tamén aspectos que dan forza a este tipo de acompañamentos, recóllense os impactos xerados a partir da celebración de encontros conxuntos entre centros educativos co obxectivo de intercambiar

² O club de igualdade do IES Laxeiro ten a súa orixe nun club de lectura feminista.



aprendizaxes entre equipos tanto de mediación como de igualdade; non só no curso 2018-2019 se teñen realizado, mais destaca como unha boa práctica o encontro celebrado entre os equipos de igualdade do IES Xulián Magariños e mais do IES Dionisio Gamallo de Ribadeo. Esta acción, ademais, reflicte a adaptabilidade de ACPD ante as demandas dos centros, xa que supuxo dar resposta e acompañamento a unha proposta do IES Xulián Magariños. Pola súa banda, tanto o departamento de orientación como o alumnado do IES Laxeiro destacan positivamente o encontro entre equipos de mediación celebrado co IES Xulián Magariños no marco do proxecto.

No tocante ao traballo que se realizou no curso 2018-2019 co IES Xulián Magariños para a constitución dunha TV escolar, os resultados son algo máis febles, especificamente debido a factores recoñecidos tanto polo profesorado acompañante como polo propio alumnado participante. Neste caso, traballouse con estudiantado moi diverso, rapazas e rapaces que conformaron un grupo voluntario acompañado por AGARESO e dous docentes. Un dos éxitos desta actividade foi conseguir que alumnado con maiores dificultades no eido académico atopase un eixo motivador nas tecnoloxías da comunicación a través do obradoiro de TV, incluso descubriendo novas habilidades que, no curso 2019-2020, implicaron no caso dun alumno concreto terse orientado cara a un Ciclo Medio de Informática no mesmo centro educativo. No presente periodo escolar tense previsto dar continuidade ao traballo iniciado, animando a que se incorpore novo estudiantado se así o desexa, vista a boa acollida da actividade. Porén, unha das debilidades identificadas tanto por alumnado como por profesorado, e así o indicaron nas correspondentes entrevistas realizadas, foi que se sentiu que o obradoiro quedaba un tanto inacabado ou pechado abruptamente na súa parte final, o cal non permitiu rematar e compartir no centro educativo os resultados finais dos produtos xerados na TV escolar. Neste senso, o profesorado recoñece algunhas limitacións non só técnicas senón tamén en relación aos seus tempos persoais para acompañar ao alumnado na consolidación do grupo promotor da TV escolar unha vez rematou o proxecto ESR-EDP. Por isto, demándase identificar no inicio da segunda etapa un espazo de recoñecemento no eido do traballo en equipo, planificación e maduración dun plan cara a poder consolidar unha TV autónoma, con maiores facilidades para levar adiante a actividade de forma autoxestionada unha vez remate o proxecto no curso 2019-2020.



4.2.4. Exposicións e acompañamento para o uso de materiais didácticos.

No caso daquelas accións onde non se incorpora a dinamización de axentes externos ao centro, isto é, aquelas desenvolvidas directamente polo profesorado co acompañamento específico de ACPP, o eixo fundamental é o deseño e/ou adaptación de materiais, a súa entrega ao profesorado e o proceso de asesoramento ou acompañamento para a súa utilización nos centros educativos. Isto inclúe non só o traballo con materiais como a Axenda Feminista senón tamén unidades didácticas e recursos ligados a actividades a desenvolver nun formato físico máis aberto como son as exposicións.

Nesta liña metodolóxica, con frecuencia máis aberta ao conxunto do centro educativo cando menos en casos como as exposicións fóra de aula, non se conta con información ao detalle suficiente para valorar o impacto obtido en todo o alumnado a partir do uso de cada un dos recursos cos que no curso 2018-2019 se traballou no IES Laxeiro. Porén, si se recollen reflexións achegadas polo profesorado do IES Laxeiro:

- Suso Jabón indica que *“as exposicións non funcionan tan ben”* e que *“as unidades didácticas trabállámolas á nosa maneira, moitas veces como autoformación para logo poder falar un pouco durante a exposición, pero nada máis”*.
- Gracia Santorum, pola súa parte, recoñece que *“a Axenda Feminista é un bo material e traballouse na aula na investigación e busca de historias de mulleres galegas para incorporar o seu perfil á axenda, pero como logo non hai cartos para imprimir, ao final queda aí o exercicio e o alumnado non sabe moito máis da axenda, non pode usala”*.

Por tanto, o acompañamento de ACPP é fundamental neste senso e é preciso reflexionar sobre novas estratexias cara a edicións futuras do ESR-EPD ao redor deste tipo de materiais, realizando un esforzo extra cara ao asesoramento que se pode realizar desde a ONGD coordinadora ou redimensionando o tipo de materiais introducidos no catálogo de accións ofertadas aos centros antes do inicio da execución.



4.2.5. Firma do Manifesto ESR-EPD.

Por último, é interesante analizar de forma separada o valor que na intervención ten a ratificación do Manifesto de Escolas sen Racismo-Escolas para a Paz e o Desenvolvemento, que constitúe unha acción de corte transversal que se propón aos centros para que ratifiquen o seu compromiso coa proposta. No informe final do proxecto menciónase o IES Milladoiro exemplo de centro educativo que traballou no Manifesto ao final de curso no marco dunha acción de peche; porén, non se atopan evidencias no IES Laxeiro de que se lle dea un valor específico a este momento e ferramenta, e en xeral atópanse os documentos formais asinados polos 8 centros educativos participantes na intervención, mais non se destacan outras accións específicas de presentación pública do proxecto en cada escola ou instituto (a excepción do mencionado caso do IES Milladoiro).

Por iso, tendo en conta as reflexións previas ao redor das debilidades asociadas ao coñecemento do proxecto como unha proposta integral máis aló do amplo catálogo de actividades aberto de forma estable aos 8 centros educativo, cobra relevancia visibilizar a ratificación co compromiso dos centros educativos co ESR-EPD, isto é, a ratificación pública de cadanseu Manifesto.

Nesta liña, sendo evidente que os compromisos asumidos polos CEIP e IES do ESR-EPD son reais e hai profesorado e persoal orientador altamente implicado e convencido de que o proxecto se leve adiante curso tras curso, queda aberta unha recomendación cara ao fortalecemento e/ou celebración de eventos ou actos específicos onde se recolla e visibilice en todo o centro educativo o compromiso institucional de participación e de aliñamento cos valores da intervención. No caso do IES Laxeiro cóntase con apoio histórico do equipo directivo a este tipo de iniciativas, incluíndo o ESR-EPD, mais recoñécese desde o departamento de orientación que *“o director firma e apoia, pero é probable que non teña moi claros todos os proxectos en que estamos, porque son moitos e algún con moitas actividades na mesma liña”*.



4.3. Análise de alcance de resultados.

Tras recoller no apartado anterior unha análise crítica ao redor do éxito das accións executadas no proxecto ESR-EPD especificamente no IES Laxeiro con axuda de información complementaria do IES Xulián Magariños no eido da comunicación social, pódese brevemente analizar tamén o alcance dos resultados adaptados na súa formulación ao “estudo de caso” desta avaliación.

En primeiro lugar, no tocante ao resultado *R1.1-EC. Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes do alumnado de secundaria no eido da cidadanía global*, atópanse evidencias que indican que o alumnado participante si mellora progresivamente na sensibilización, formación e proactividade individual e colectiva cara a algún eixos de contidos do proxecto. Especificamente destaca o traballo en xénero e igualdade no IES Laxeiro:

- Nútrese e recolle aprendizaxes de etapas previas.
- Consta o compromiso do equipo directivo para apoiar un forte traballo nesta liña no centro educativo.
- A experta en xénero que acode ao IES Laxeiro no marco do proxecto recoñece que o nivel de sensibilización e formación do alumnado é maior que noutros centros educativos.

Noutros eixos temáticos, como o traballo ao redor das causas da pobreza e a desigualdade, malia que a percepción e acollida das actividades realizadas é en xeral positiva, non se atopan evidencias de impacto, en parte porque non se teñen xerado espazos estables de traballo nesta liña que formulen propostas a través dun plan de acción a medio prazo fronte á dinamización de actividades un tanto illadas. No tocante ao traballo ao redor da cultura de paz e a resolución de conflitos, o éxito neste eixo vén da man da creación e asesoramento aos equipos estables de traballo, neste caso o de mediación, o cal está en proceso de consolidación pero se incorpora dentro do proxecto educativo de centro contando co acompañamento estable do departamento de orientación, que favorece a súa continuidade.



En canto ao resultado *R1.2-EC. Melloradas e aplicadas as capacidades do alumnado de secundaria en materia de comunicación transformadora*, si se atopan evidencias de que a liña de comunicación para o cambio social executada directamente desde AGARESO no IES Laxeiro (en 2019-2020) e no IES Xulián Magariños (a través da actividade *A1.2.2. Obradoiro de TV na Escola para profesorado e alumnado do IES Xulián Magariños* no curso 2018-2019) contribúe á mellora de habilidades do alumnado neste eido. Incorporar accións claramente motivadoras para o alumnado permite que cualitativamente se executen con éxito a través da combinación do uso de ferramentas de comunicación social en paralelo ao traballo ao redor de contidos que afectan ao desenvolvemento local e global, elixidas polo alumnado sobre unha orientación de contidos proposta deste o proxecto. Cuantitativamente non hai datos suficientes e só se pode avaliar este eixo de traballo a través das percepcións recollidas, mais pode concluírse que se contribuíu a alcanzar este resultado con metodoloxías moi pertinentes para o seu uso con público adolescente.

Por último, en relación ao alcance do resultado *R1.4-EC. Fomentado o coñecemento e análise sobre o proxecto de cara á súa visibilidade e aprendizaxe colectiva*, coa información dispoñible extráense algunhas conclusións ao redor das fortalezas e debilidades cara a este resultado, obviándose en boa medida a avaliación global da estratexia de comunicación e a liña de base por non poder analizarse de forma acotada ao estudo de caso que se recolle neste informe. Pola súa banda, as aprendizaxes recollidas ao redor da coordinación e seguimento si fan visibles tanto os puntos fortes como algunhas debilidades da sistemática de traballo do ESR-EPD. En canto aos puntos fortes, que contribúen á consecución do resultado *R1.4-EC*, destacan os logros derivados dun enfoque de traballo desde a adaptabilidade recoñecida tanto polos centros educativos como polo persoal técnico de ACPP. Esta flexibilidade cara a dar a máxima plasticidade posible ás accións propostas desde o proxecto é resultado dun esforzo continuado que, malia isto, fica limitado polos recursos temporais e económicos asociados a unha intervención altamente ambiciosa en número de centros educativos participantes e abano de actividades previstas por centro. Probablemente este é un dos factores que redundan na maior debilidade ou cuestión non resolta no proxecto desde hai varias edicións: como desenvolver unha mellor coordinación interna entre actores para fortalecer a visión do proxecto e mellorar o



impacto en cada un dos centros educativos. É unha decisión do consorcio executante mais queda claro que os CEIP e IES, o alumnado e as asistencias técnicas involucradas na intervención demandan unha maior conexión interna e coñecemento mutuo. Neste senso, sendo certo que se fixo un esforzo no curso 2018-2019 por xerar incipientes espazos de encontro entre axentes executantes, non semella suficiente e a percepción recollida apenas varía nesta liña en relación ás conclusións de avaliacións anteriores.

4.4. Análise de alcance de obxectivos.

No tocante ao obxectivo específico adaptado do proxecto, que se reformula para esta avaliación como *OE-EC. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino de secundaria*, pode concluírse que a proposta se achega edición tras edición a este obxectivo e alcánzanse logros diversos no traballo con alumnado, recoñecidos por este e polos diversos actores involucrados, en maior ou menor medida. A través do estudo do alcance dos tres indicadores “adaptados ao estudo de caso” asociados a dito OE-EC, extráense algunhas conclusións acotadas á participación do IES Laxeiro no proxecto ESR-EPD:

- **IOV1-EC.** *Ao finalizar o proxecto, o alumnado participa dun proceso de análise crítica sobre as realidades global e local, o fenómeno da interculturalidade, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade de xénero.* O alumnado do IES Laxeiro participou activamente e exercita o seu pensamento crítico grazas ao proxecto, de forma variable en intensidade segundo as liñas temáticas, o tipo de metodoloxía e marco temporal en que se insire a presenza de cada estudante ao longo da intervención.
- **IOV2-EC.** *Ao finalizar o proxecto, melloradas as ferramentas do profesorado para a incorporación da ED na súa práctica educativa.* O profesorado e o persoal orientador do IES Laxeiro recoñece que mellorou ao longo dos anos as súas ferramentas para a inclusión da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global no seu labor profesional; non pode medirse “canto” se fortaleceron e incorporaron boas prácticas durante o curso 2018-2019, pero si se recoñece que se van incorporando melloras cada ano.



- **IOV4-EC.** Ao finalizar o proxecto, o alumnado participante manifesta ter reflexionado sobre valores básicos no eido da cidadanía global. Este indicador, de forma xeral, cúmprese. É preciso sinalar que non se recolleron datos cuantitativos e que a mostra de entrevistas con alumnado foi pequena e moi dirixida a obter percepcións de estudantes con alta implicación no proxecto. Porén, a percepción é que a participación real na intervención xera reflexións ao redor das temáticas traballadas, en maior ou menor medida en función do tipo de actividade, como xa se comentou.

Por último, recollendo as reflexións previas, pódese afirmar por tanto que existe unha contribución positiva desde o proxecto ao obxectivo xeral da proposta, *OX. Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia*, non só durante a execución no periodo correspondente ao curso 2018-2019 senón a través das súas sucesivas edicións e tamén especificamente a partir da información obtida no estudo de caso da presente avaliación.



5. Leccións aprendidas e recomendacións.

A análise de toda a información recollida para esta avaliación ofrece reflexións máis aló do IES Laxeiro, mais parte e nítrese fundamentalmente do estudo de caso deste IES, que destaca dentro do proxecto ESR-EPD pola implicación do seu persoal orientador e docente. As leccións aprendidas axudan a construír recomendacións cara á mellora da coordinación interna entre axentes, o fortalecemento ao acompañamento aos centros educativos e a necesidade de explorar como redimensionar o proxecto na busca dun maior impacto en futuras edicións da proposta.

Por isto, tras o acompañamento realizado ao IES Laxeiro ao longo deste traballo de avaliación, recóllense a continuación algunhas conclusións que achegan o recoñecemento de boas prácticas mais tamén de aprendizaxes, ao tempo que serven para formular recomendacións. A continuación, expónse unha síntese das mencionadas reflexións:

- O traballo en xénero e igualdade é un eixo de éxito no IES Laxeiro. Neste senso, o proxecto ESR-EPD vén acompañar e reforzar unha compoñente interiorizada de forma transversal no centro educativo, trascendendo ao proxecto pero en total aliñamento cos valores da intervención. Como aspecto a mellorar, o propio alumnado demanda acompañar máis a fondo a mozas e mozos de cursos inferiores e tamén traballar no eido das novas masculinidades, algo compartido desde o departamento de orientación do centro ao percibirse certo escepticismo por parte do alumnado masculino neste tipo de temáticas.
- Como formatos de éxito, non só no eido do xénero e a igualdade, o acompañamento aos equipos de igualdade e mediación favorece a sustentabilidade das accións realizadas. Trátase de propostas que partiron do propio centro educativo, polo que o proxecto ESR-EPD chega ao IES para reforzar e apoiar na consolidación destas propostas identificadas desde o eido interno.
- Percíbese por parte de tódalas axentes que, se ben é certo que se comparten os liñamentos xerais do proxecto e os seus obxectivos, estes non se trasladan logo ao alumnado de xeito que perciba a intervención cunha visión integral, senón que permanece unha visión de actividade, un tanto illada en relación a un marco común. Inflúe dalgún xeito tamén o feito de que o



persoal docente e orientador implicado participa con frecuencia doutras iniciativas semellantes, percibíndose que chega a solaparse con alumnado idéntico o mesmo tipo de accións; dificultando non só a visibilización do ESR-EPD senón tamén a medición de impacto. É cuestionable a pertinencia de replicar accións de distintos proxectos con un mesmo público obxectivo, na mesma franxa temporal.

- En liña co anterior, ante a necesidade de fortalecer o enfoque de proxecto que se transmite coa intervención, xorde unha recomendación ligada a fortalecer o uso do Manifesto de ESR-EPD como ferramenta de consolidación do compromiso institucional dos centros educativos, mais tamén para reforzar a visibilización da participación de cada CEIP ou IES na intervención. Podería ser interesante promover a celebración de eventos ou actos específicos que busquen conectar de maneira máis pública ao centro educativo no seu aliñamento co proxecto e os valores da rede de Escolas sen Racismo.
- Algúns formatos e metodoloxías son mellor acollidos que outros polo alumnado, factor que favorece o grao de impacto de certo tipo de accións: dan mellor resultado as metodoloxías participativas fronte ás charlas maxistras, e a dinamización de accións de máis longa duración e continuidade fronte á realización de sesión illadas. Por iso, a planificación de cada liña de intervención é fundamental: comezando polo contacto previo co centro para coñecer o perfil do alumnado con que se traballará na aula, ou o tipo de aula ou espazo dispoñible para cada sesión; incorporando tempos concretos para a avaliación participativa tras cada sesión e animando a que o profesorado participe nos mesmos ou xerando espazos *ex post* de valoración da utilidade das actividades.
- En liña co punto anterior, se hai axentes externas traballando na execución, é fundamental manter estable un círculo de conexión centro-axente externa-ONGD. De forma incipiente, tense incorporado un espazo de encontro dentro da edición avaliada do ESR-EPD, mais percíbese que aínda resulta insuficiente e mesmo algunhas axentes externas non coñecían entre si o traballo que se está a realizar na aula por outras compañeiras. É importante, neste senso, que cada actividade sexa enmarcada polo proxecto dun xeito común. Unha boa práctica



é a realizada tanto polo persoal técnico de AGARESO como por Feitoría Verde, que nos primeiros minutos de dinamización das súas actividades na aula comparten brevemente en que consiste e cales son os obxectivos do proxecto ESR-EPD. Posto que AGARESO forma parte do consorcio que promove a intervención, sería interesante compartir este tipo de recursos e motivar a tódolos axentes á súa utilización de forma coordinada.

- A flexibilidade de ACPP cos centros educativos e mais o bo dispor do persoal técnico vén xerando moi bos lazos no ESR-EPD. Porén, recoñécese que hai un amplo abano de actividades que non sempre se aproveitan de forma íntegra, aínda que en xeral non se desbota ningunha por este motivo. Ao mesmo tempo, quedando claro que en xeral non é recomendable dinamizar actividades de forma illada, é importante que a flexibilidade e adaptabilidade de ACPP e os centros educativos vaia en dobre dirección para redimensionar a participación de cada centro, na busca dun maior impacto das actividades desenvolvidas.
- En liña co punto anterior, semella interesante abrir máis espazos de reflexión co persoal dos centros educativos para indagar en que aspectos é necesario acompañar máis no tocante non tanto a ferramentas senón á formación en contidos específicos, como fórmula para mellorar o papel multiplicador docente e orientador.

Por último, como conclusión chave que enmarca boa parte dos puntos anteriores, queda aberta unha cuestión que dalgún xeito se vén recollendo nas avaliacións realizadas nos últimos anos ao proxecto ESR-EPD: a necesidade de reflexionar sobre como acadar un maior impacto co proxecto tendo en conta os recursos dispoñibles, superando unha visión máis de escala que de alcance; isto é, como atender ás suxestións recollidas da avaliación tendo en conta a limitación técnica e orzamentaria, nun proxecto que xa está a atender a un abano moi amplo de perfís, número de participantes e tipoloxía de actividades. Certamente, o ESR-EPD é un proxecto que permanece nos centros educativos ano tras ano cunha moi boa acollida, como mostra a experiencia do IES Laxeiro a través da alta identificación da intervención co seu Proxecto Educativo de Centro. Queda pendente analizar en que grao se poden introducir as recomendacións formuladas ano tras ano, e de que forma se van trasladando a outros centros educativos da rede.



ANEXOS



ANEXO 1. AXENDA EXECUTADA.

nº	Nome e organización	Rol	Formato
1	Ramiro Gómez Salgado (ACPP)	Técnico coordinador do proxecto.	Dúas entrevistas, ambas vía skype.
2	Alejandro Quiñoá (ACPP)	Coordinador e delegado da ONGD en Galicia.	Presencial. Entrevista conxunta dirixida prioritariamente a avaliación ex post.
3	Lorena Seijo (AGARESO)	Coordinadora da ONGD.	
4	Antonio Grunfeld (AGARESO)	Coordinador do proxecto en AGARESO e dinamizador de obradoiros de TV e videocartas.	Presencial.
5	Paula Lubián (Feitoría Verde)	Facilitadora de Teatro Foro.	Vía telefónica.
6	Noelia (Atalaia Social)	Responsable do deseño e facilitación de formación no eido da mediación.	Vía <i>email</i> . Entrevista deseñada para a avaliación ex post, da que se recolle información para estudo de caso.
7	Monse Vilar (iniciativa individual)	Formadora experta en xénero.	Vía telefónica. Entrevista deseñada para a avaliación ex post, da que se recolle información para estudo de caso.
8	Ana Gulías (IES Laxeiro)	Orientadora do centro. Enlace directo para a coordinación con ACPP e coas liñas de acción ligadas a Comunicación e resolución de conflitos.	Presencial.
9	Gracia Santorum (IES Laxeiro)	Docente. Enlace responsable de accións ligadas a xénero e igualdade.	Presencial. Entrevista conxunta.
10	Suso Jabón (IES Laxeiro)	Docente. Enlace responsable de accións ligadas a pobreza e causas da desigualdade.	



11	Fátima Jácome (IES Laxeiro)	Estudiante participante en club de igualdad.	Presencial.
12	Nair (IES Laxeiro)	Estudiante participante en club de igualdad e equipo de mediación.	Presencial.
13	Alumnado Ciclo Administración e Finanzas (IES Laxeiro)	Estudiantes de ciclo formativo participantes en accións temáticas ao redor da pobreza e causas da desigualdade.	Entrevista grupal (4 mulleres e 1 home). Presencial.
14	Cristina Galdo Leal (IES Xulián Magariños)	Orientadora do centro. Enlace directo para a coordinación con ACPP e coas liñas de acción ligadas a comunicación e resolución de conflitos.	Presencial.
15	Jesús García (IES Xulián Magariños)	Vicedirector e docente que acompañou no obradoiro de TV.	Presencial.
16	Xoán Gantes (IES Xulián Magariños)	Docente que acompañou no obradoiro de TV.	Presencial.
17	Alumnado (IES Xulián Magariños)	Estudiantes participantes en obradoiro de TV.	Entrevista grupal (3 mozas e 1 mozo). Presencial.